

# Veredito

Manuel PEREIRA VALCÁRCEL

Non podo seguir así. Sei que o teño que facer. Debo facelo. E fareino. Tamén sei que todos van pensar que o fago para irme con algunha mocíña como a que me fixo traizoarme. Non, ela non tivo a culpa, fun eu o que cegou co fulgor da paixón. Era morena e tiña os ollos verdes, sei que soa a tópico mais era así; tiña os ollos verdes, non ten maior importancia, pero non vou falsear ese dato, sería absurdo. Era outono, a primeiras chuvias, o brillo do pavimento, as luces dunha cidade afable e allea, transeúntes convertidos en borrosas sombras reflectidas no chan entre pequenas pucharcas e follas caídas. Unha ambientación de historia romántica, adecuada ao meu gusto clásico. Ela e mais eu. Despois das xornadas do congreso ao que chegamos dende as nosas respectivas universidades. Unha cea, a intimidade despois de tres días compartindo discusións e acordos. Unha innegable fascinación mutua. Todo foi tan espontáneo, tan sen quere-lo, pero tan inevitable.

¿Por que non poderemos dividirnos?, unha especie de mitose que faga de nós dous seres, un que siga o novo rumbo e outro que continúe no fogar habitual. ¡A vida sempre nos inquire con tantas disxuntivas! Tanta proba, tanta carreira de obstáculos, tantos valados, tantos compartimentos. A vida, si, como eses fogos artificiais que se van dividindo en múltiples pólas de luz e fantasía, para de seguida non ser nada, a lembranza dun vagalume na retina.

Adoro a Marta, despois de vinte e dous anos de matrimonio aínda a quero. ¿Por que apareceu este espellismo, esta luzada, este inesperado achado como un anzol doce? ¿Por que a min? Toda a vida entregado á causa do método científico, á racionalidade, á disciplina analítica e agora me decato de que non. De que non debemos ser tan racionais como sempre procurei pensar. ¿Terei que admitir que somos seres instintivos que algunha vez razoamos?

Marta sempre estivo pendente de min, sempre me axudou, moito do nivel acadado débollo a ela, nunca o negarei, estareille agradecido toda a vida.

Xuntos tivemos que superar momentos duros, porque máis dunha vez nos tocou xogar con malas cartas e con compañeiros de xogo que utilizaban dados trucados. Non teño o máis mínimo reproche cara ela. Ao contrario. Por iso me interrogo perplexo, ¿que vieiros son estes do amor que confiscan o entendemento e nos impulsan á iniquidade, como saír dos labirintos que nos ofrece, do lamazal abxecto? O amor é inxusto, evidentemente, porque desaparece do lugar debido para ofrecernos un abismo caótico.

Escuso dicir que non vou coller o camiño cara a miña compañeira, coa que mantiña unha amizade profesional na distancia. Só unha ocasión deletérea converteuna en amante imprevista por unha noite. Agora volve estar lonxe. E as persoas cambian despois do sexo. Á mañá seguinte xa non eramos compañeiros, nin amigos, nin colegas, eramos dous seres descoñecidos e confusos. O pracer nunca é gratuito, esixe unha cota, unha usura que grava os sentimentos.

Non, non podo seguir con Marta; non é desamor. É que non soporto a miña traizón. Ela non o sabe, aínda non lle dixen nada. Pero é igual, a culpa e a pena imposta están en min. Nunca conseguirei erguer a lousa de culpa e remorsos. Non se precisa ninguén alleo que nos xulgue, a conciencia ten o seu propio xurado, emite a súa particular sentenza. E debo acatala. Ningún deus, nin Deus, está detrás da decisión. Nin tampouco consecuencia dos restos dalgún anacrónico puritanismo. Ás veces por cousas menos graves, eu critiquei, increpeí ou mesmo sancionei a algunha persoa. Agora tócame a min increparme, sancionarme, exercer a autocrítica. E, sobre todo, cómpre ser exemplar no castigo. Nunca admitín paliativos cos desleais e non podo facer comigo unha excepción.

– Pousou o papel enriba da mesa, sacou os lentes de ler e preguntou cun amplo escepticismo, ¿coidas que nos mundos de hoxe alguén faría unha cousa así?

– Coñezo a alguén que si. Case que calcadiño ao do relato.